

Ramiro Rodríguez Suárez, con documento de identidade nº 34.977.248-K e enderezo, a efectos de notificación, na Rúa Río Arnoia, 14 – Local 18 (Multicentro, 1ªP) de Xinzo da Limia, en nome e representación do Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego (BNG), como mellor proceda en Dereito comparece e,

EXPÓN

O Pleno do Concello de Xinzo da Limia na sesión ordinaria celebrada o día 10 de marzo de 2017 acordou a aprobación provisional da **Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xinzo da Limia**.

O correspondente anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP nº66 do 21 de marzo de 2017, data a partir da cal se abriu un período regulamentar de 30 días para a presentación de alegacións por parte dos interesados.

En virtude disto, o asinante, ao abeiro do establecido no art.49.b da Lei 7/1995, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procede á presentación das presentes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.— Emenda de **SUBSTITUCIÓN do Artigo 7. Órganos competentes**, que quedaría coa seguinte redacción:

Artigo 7. Órganos competentes. A concesión de subvencións por parte do Concello de Xinzo corresponderalle ordinariamente á Xunta de Goberno, calquera que sexa a súa contía.

Non obstante, corresponderalle ao Pleno a concesión de subvencións de carácter plurianual, entendendo por tales aquelas nas que o gasto se impute ao exercicio ou exercicios seguintes aos da concesión da subvención. En consecuencia, e para os efectos previstos no presente artigo, non terán a consideración de subvencións plurianuais as que se tramiten de xeito anticipado, sempre que o gasto correspondente se impute ao exercicio orzamentario no que se produza o acto de concesión.

SEGUNDA.— Emenda de **ENGÁDEGA ao Artigo 11. Publicidade das subvencións concedidas** dun novo punto coa seguinte redacción:

4.- Darase conta ao Plenario na seguinte sesión ordinaria do mesmo das subvencións concedidas nas diversas modalidades, con excepción daquelas que xa tiveran asignación nominativa no orzamento xeral.

TERCEIRA.— Emenda de **ENGÁDEGA ao Artigo 20. Procedemento de concesión directa** dun novo punto coa seguinte redacción:

4.- A contía total das subvencións consignadas con carácter nominativo nos orzamentos non poderá exceder do 20% do importe total das subvencións previstas.

CUARTA.— Emenda de **SUPRESIÓN do Artigo 21.11** referido á subcontratación total ou parcial da actividade obxecto de subvención, ao entender que o solicitante dunha subvención debe estar en disposición de efectuar polos seus propios medios o obxecto principal da mesma, en todo caso, se a execución requirise de servizos complementares estes deberían ser entendidos como contratación.

QUINTA.— Emenda de **SUPRESIÓN do Artigo 22.1.A.d** referido á obriga de presentar un informe ou memoria de se os obxectivos foron acadados, ao entender que a redacción actual deste punto: *“d.- Se fose posible, indicación de se se cumpriron os obxectivos propostos”* entra en contradición co punto a) do mesmo artigo e que dito informe de consecución dos obxectivos debera ser obrigatorio para poder avaliar axeitadamente a efectividade da subvención.

Por todo o exposto,

SOLICITA

- Que se teña por presentado en tempo e forma este escrito de alegacións á **Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xinzo da Limia** aos efectos oportunos.

Asdo. Ramiro Rodríguez Suárez

En Xinzo da Limia, a 20 de abril de 2017

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DA LIMIA